

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

RESOLUCIÓN do 8 de outubro de 2021, da Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal, pola que se dá cumprimento dos requisitos de publicidade establecidos no artigo 26 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, en relación coa aprobación da primeira revisión do Plan forestal de Galicia 2021-2040, Cara á neutralidade carbónica.

O Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do 30 de setembro de 2021, de conformidade co disposto no artigo 72 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, e tendo en consideración o artigo 54 da Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia, acordou aprobar definitivamente, mediante decreto, a primeira revisión do Plan forestal de Galicia 2021-2040 Cara á neutralidade carbónica.

En consecuencia, e en cumprimento do previsto no artigo 26 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental,

RESOLVO:

Primeiro. Dar publicidade á presente resolución pola que se dá cumprimento aos requisitos de publicidade en relación á primeira revisión do Plan forestal de Galicia 2021-2040 Cara á neutralidade carbónica.

Segundo. O contido íntegro e dilixenciado, en formato dixital, da primeira revisión do Plan forestal de Galicia 2021-2040 está dispoñible no seguinte enderezo electrónico:

<https://mediorural.xunta.gal/gl/temas/forestal/planificacion-e-ordenacion-forestal/plan-forestal>

Terceiro. En relación co cumprimento dos aspectos exixidos polo artigo 26 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, sinálanse a seguir as cuestións requiridas, sen prexuízo de poder consultar toda a documentación que integra o expediente na ligazón disposta no número anterior.

A. Integración de aspectos ambientais.

CVE-DOG: vcrznu5-p2l6-mtr6-lsm0-lnqkobsqtl5



A.1. Medio natural e biodiversidade.

Dentro da estrutura programática da primeira revisión do Plan forestal de Galicia 2021-2040 establécense programas, subprogramas, liñas de acción e medidas que terán como obxectivo a conservación e protección do medio natural e forestal.

As actuacións de planificación que supoñan o manexo directo da vexetación atenderán a aquelas directrices que aseguren que as ditas actividades se encamiñen á conservación e mellora das masas existentes, así como á creación de novas formacións que enriquezan o medio natural, todo iso baixo o principio reitor de impulsar a economía verde e as políticas de descarbonización para a adaptación e a mitigación ao cambio climático, considerando que o título deste documento é Cara á neutralidade carbónica.

Ademais, articularanse liñas de actuación específicas que teñan como obxectivo protexer a vexetación fronte a riscos e ameazas como incendios forestais, pragas e enfermidades ou outros axentes nocivos, entre outros. Do mesmo xeito, as actuacións do Plan potenciarán a restauración hidrolóxico-forestal (conservación, defensa e recuperación da estabilidade e fertilización do solo, a regulación de enxurradas, consolidación de leitos e ladeiras...), a prestación de servizos forestais (servizos ambientais ou servizos ecosistémicos) e a custodia do territorio.

De conformidade coa Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, sobre distancias mínimas de novas repoboacións (anexo II de dita lei) deberanse empregar frondosas caducifolias (anexo I) en repoboacións ata 15 metros a partir do dominio público de leitos fluviais maiores de 2 metros, que poden constituír auténticas infraestruturas verdes como corredores de diversidade biolóxica; tamén se poderán empregar sobre faixas secundarias preventivas ante incendios forestais (cintos ou coroas periurbanas, marxes da rede de transporte viario e enerxético), segundo o disposto na referida Lei galega de montes e, en particular, conforme a Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.

O Plan promoverá liñas de traballo estreitamente vinculadas cos criterios e indicadores de xestión forestal sustentable internacionalmente recoñecidos, aplicando para iso os principios de sustentabilidade e multifuncionalidade dos recursos forestais.

En resumo, e de forma xeneralizada, as actuacións planificadas na primeira revisión do Plan forestal de Galicia 2021-2040 teñen un efecto positivo na loita contra o cambio climáti-



co, a defensa contra a erosión, incendios e inundacións, a conservación da biodiversidade dos bosques e a paisaxe, a creación de emprego e a mellora ambiental dos montes para actividades de lecer e turismo rural.

A.2. Paisaxe e patrimonio cultural.

A vexetación, despois do relevo, é o elemento máis importante da paisaxe, o que resulta indicativo da importancia que calquera actuación que afecte este elemento pode ter desde un punto de vista paisaxístico. En atención á planificación obxecto de avaliación, pódese afirmar que, como resultado da súa execución, os impactos se producirán principalmente nas áreas paisaxísticas asociadas ás categorías relacionadas con usos forestais. En todo caso, o Plan establecerá as directrices para que a planificación que se desenvolva teña como efecto diversificar as áreas paisaxísticas e que fomenten o uso dunha pluralidade de especies nas restauracións.

Respecto ao tipo de impactos previsibles, na maioría dos casos o Plan promoverá actuacións de enriquecemento da paisaxe, aínda que é necesario citar posibles impactos negativos, como a simplificación da paisaxe, derivados das reforestacións con fins produtivos, ou da incorporación de elementos que poidan diminuír a calidade paisaxística, como a dotación de novos equipamentos de uso público (vías de saca, camiños forestais, reestruturación da propiedade...) ou o impulso á creación de industrias de produción de bioenerxía, entre outros. Con todo, existen instrumentos e mecanismos legais que evitarán ou minimizarán estes impactos negativos para cada caso concreto e, na propia adecuación, deberanse observar directrices para a súa prevención.

Do mesmo xeito, deberase ter en conta o patrimonio cultural, minimizando na medida do posible calquera efecto negativo das actuacións que favoreza o Plan sobre os elementos culturais en protección. De feito a medida I.1.5 «Medidas de fomento da multifuncionalidade e doutros valores do monte» incluída nesta primeira revisión do Plan forestal de Galicia 2021-2040, anuncia a necesidade de elaborar un programa de conservación de elementos naturais e patrimoniais en montes co obxecto de conservar e poñer en valor os elementos naturais relevantes (árbores senlleiras, paisaxes protexidas) ou patrimoniais (castros, mámoas, petróglifos, arquitectura civil, relixiosa, etc.) mediante intervencións que supoñan cortas de arboredo, rozas, sinalización (balizamento e elementos formativos) ou replantación de frondosas autóctonas na contorna dos elementos.

CVE-DOG: vcrznyu5-p2l6-mtr6-lsm0-lnqknbwsqtl5



A.3. Atmosfera e cambio climático.

Os efectos ambientais provocados polo Plan sobre o clima serán positivos porque as liñas deseñadas versan sobre a diminución dos efectos negativos do cambio climático, apoiando a xestión sustentable do monte como sumidoiro de CO₂. Así, para a consecución deste obxectivo prevese a programación de actuacións encamiñadas a manter, mellorar e/ou aumentar as superficies ocupadas por especies arbóreas en zonas forestais de Galicia, co que se conseguirá aumentar o efecto sumidoiro de CO₂ que exercen e, por tanto, influír positivamente sobre o cambio climático e dirixirse cara a ese obxectivo de neutralidade carbónica.

Ademais, co deseño de actuacións encamiñadas á protección das masas forestais fronte a incendios forestais ou outros desastres e actividades que impliquen a redución da cobertura arbórea (silvicultura resiliente e xestión adaptativa ao cambio climático), reducirase a incidencia destes sinistros sobre os montes e, consecuentemente, diminuírá a emisión de CO₂ con motivo da combustión ou mellorará a súa captación polos sistemas forestais.

Do mesmo xeito, ao potenciar a produción e emprego de biomasa forestal, así como fomentar o uso doutros produtos naturais de carácter forestal (bioeconomía ou economía hipocarbónica), reducirase o consumo de combustibles fósiles e reducirase tamén a emisión á atmosfera de CO₂ que, desta maneira, quedaría retido nas reservas. O impacto sobre o clima prevese, por tanto, positivo, sen que se detecten actuacións que poidan resultar prexudiciais.

As formacións forestais, á vez que sumidoiros de CO₂, son unha importante fonte de oxíxeno. Esta emisión de oxíxeno á atmosfera mellora a calidade do aire, polo que as actuacións encamiñadas á protección e mellora das formacións forestais terán unhas repercusións positivas sobre a atmosfera; do mesmo xeito que no caso anterior, todas as actuacións que impliquen manexo da vexetación van influír no balanceo de emisión de oxíxeno.

A.4. Solo e auga.

O control da erosión e desertificación e a restauración dos ecosistemas naturais degradados, en prol da protección dos recursos hídricos, os solos e a cobertura vexetal vai ser unha actuación para ter en conta no Plan. Neste sentido, baixo as premisas dunha adecuada asignación de usos do solo e de loita contra a erosión e a desertificación, e conside-



rando que grande parte das liñas de actuación establecidas teñen incidencia directa sobre este recurso, os efectos previsibles sobre o solo serán positivos.

Unha xestión forestal activa encamiñada a mellorar a cobertura vexetal executando proxectos de restauración en montes públicos e incentivando a súa execución en montes privados, algúns dos cales serán declarados como protectores, completada cunha política de control de cambios de actividade e usos do solo reforzada coas actuacións forestais mediante trámites administrativos de autorización delas, contribúe á protección de recursos naturais como o solo.

En adición, as políticas de adhesión a modelos silvícolas ou de xestión forestal que levan unido un compromiso formal a referentes de boas prácticas establece un necesario marco de prevención e respecto polos valores ecosistémicos, como a protección do solo e auga. A este respecto, véxase o anexo II da Orde do 19 de maio de 2014 pola que se establecen os modelos silvícolas ou de xestión forestal orientativos e referentes de boas prácticas forestais para os distritos forestais de Galicia.

A.5. Medio socioeconómico.

As directrices e criterios orientadores da primeira revisión do Plan forestal de Galicia 2021-2040 estarán dirixidos a impulsar un desenvolvemento socioeconómico sustentable do medio rural galego, fomentando a xeración de emprego e do tecido empresarial baseado nos recursos forestais e o fomento da súa comercialización (economía e emprego verde).

A previsión é potenciar as múltiples funcións que cumpren as formacións forestais e que esta potenciación teña unha repercusión directa sobre a calidade de vida das poboacións rurais e a súa fixación no territorio, tanto desde un punto de vista socioeconómico como ambiental. En canto ás poboacións urbanas, a execución da planificación prevista tamén terá efectos positivos, xa que serán tamén receptores dos beneficios ambientais derivados da planificación estratéxica dos recursos forestais e/ou naturais.

Entre os obxectivos da primeira revisión do Plan forestal de Galicia 2021-2040 atópase a promoción do goce social, recreativo e cultural do monte. Promóvense e incentívanse medidas encamiñadas ao contacto, coñecemento e goce da natureza por parte de toda a sociedade. Nesta liña, con obxecto de garantir a conservación, protección, restauración, fomento e aproveitamento dos montes galegos, promovendo o uso ordenado e a xestión



sustentable dos seus recursos, fomentárase a redacción dun programa para o establecemento dunha Rede de infraestruturas verdes en terreos forestais, que incluírá, entre outros, os montes periurbanos e a elaboración de instrumentos de ordenación que incorporen a regulación de usos e actividades sociorrecreativas (medida I.1.6).

A.6. Valoración dos efectos ambientais.

O deseño e configuración da primeira revisión do Plan forestal de Galicia 2021-2040 foi elaborada de acordo coas características propias do monte galego e coas circunstancias e necesidades actuais e proporciona para iso os instrumentos, os medios e os recursos necesarios para a súa execución e o cumprimento dos seus fins. A estrutura deste documento de revisión iníciase cunha declaración de principios reitores para, a seguir, establecer un «decálogo» de obxectivos xerais da política forestal galega. De seguido establecéronse seis obxectivos estratéxicos.

De acordo con estes obxectivos estratéxicos procedeuse a configurar a estrutura básica da primeira revisión do Plan forestal de Galicia, que se compón de eixes estratéxicos de intervención, coincidentes cos obxectivos estratéxicos anteriormente declarados, e para cada un dos cales se agrupa un conxunto de instrumentos de execución, mediante estratexias, plans, programas temáticos de actuación e liñas de acción. Deste xeito os seis eixes estratéxicos de intervención artículanse nos correspondentes instrumentos de execución, cun total vinte estratexias e plans ou programas de actuación e liñas de acción que, pola súa vez, comprenden máis de cincuenta e unha iniciativas, medidas ou accións específicas. Para valorar os efectos ambientais en cada unha desas iniciativas, medidas ou accións específicas utilizouse a seguinte escala de valoración:

- Efectos ambientais intensamente positivos (+++).
- Efectos ambientais amplamente positivos (++)
- Efectos ambientais moderadamente positivos (+).
- Efectos ambientais sen repercusión (=).
- Efectos ambientais negativos (-).



EIXE I. Contribución do monte galego á conservación da natureza e á prestación doutros servizos ambientais.

Programa	Medida	Medio natural e biodiversidade	Atmosfera e cambio climático	Solo e auga	Paisaxe e patrimonio cultural	Medio socioeconómico
I.1. Conservación da biodiversidade e a multifuncionalidade dos montes como ecosistemas forestais	I.1.1. Programa de fomento de xestión activa de masas de frondosas autóctonas	+++	+++	+++	+++	+
	I.1.2. Desenvolvemento regulamentario do rexistro administrativo de masas consolidadas de frondosas autóctonas	+++	+	+	=	=
	I.1.3. Programa de actuación e iniciativas que contribúan a controlar a superficie dedicada a eucalipto	+++	+++	+++	+++	-
	I.1.4. Medidas de fomento e directrices para a conservación e mellora da biodiversidade	+++	++	++	++	++
	I.1.5. Medidas de fomento da multifuncionalidade e doutros valores do monte	+	+	+	+	+++
	I.1.6. Ordenación do uso sociorrecreativo en montes periurbanos	=	=	=	+++	+++
I.2. Mitigación e adaptación ao cambio climático e desenvolvemento de enerxías renovables	I.2.1. Xestión forestal activa para o incremento da capacidade de fixación de carbono e a resiliencia das masas forestais ao cambio climático	+++	+++	+++	+++	=
	I.2.2. Programa estratéxico de aproveitamento da biomasa forestal	+	+++	-	+	+++
I.3. Conservación e mellora dos recursos xenéticos forestais	I.3.1. Programa de mellora xenética forestal	+	+	+	+	+
	I.3.2. Programa de rede de parcelas de alto valor xenético e xestión de materiais de base	+	=	=	=	+
	I.3.3. Programa de conservación de recursos xenéticos forestais	+	+	+	+	+++

EIXE II. Protección, sanidade forestal e prevención e defensa contra incendios forestais.

Programa	Medida	Medio natural e biodiversidade	Atmosfera e cambio climático	Solo e auga	Paisaxe e patrimonio cultural	Medio socioeconómico
II.1. Protección contra riscos erosivos e restauración	II.1.1. Programa de montes protectores	++	=	++	=	=
	II.1.2. Programa de restauración de áreas queimadas	+	+	+++	+	=



Programa	Medida	Medio natural e biodiversidade	Atmosfera e cambio climático	Solo e auga	Paisaxe e patrimonio cultural	Medio socioeconómico
II.2. Saúde e vitalidade forestal	II.2.1. Regulación de competencias en materia de sanidade forestal	+	+	=	=	=
	II.2.2. Rede galega de seguimento de danos nos bosques	+	+	=	=	=
	II.2.3. Programa de saúde e vitalidade forestal	+	+	=	=	=
II.3. Prevención e defensa contra incendios forestais	II.3.1. Lei de prevención e defensa contra incendios forestais de Galicia	=	+	=	=	=
	II.3.2. Reestruturación dos distritos de defensa do monte adaptada ás necesidades específicas da prevención e extinción dos incendios forestais en Galicia	=	+	=	=	=
	II.3.3. Brigadas de investigación de causas de incendios forestais e rexistro de investigacións de incendios forestais	=	+	=	=	=
	II.3.4. Revisión e actualización dos plans de defensa e prevención dos incendios forestais dos distritos forestais de Galicia	=	+	=	=	=
	II.3.5. Plans integrais de actuacións preventivas dos distritos forestais	+	+	+	=	=
	II.3.6. Plan plurianual de dotación de medios e recursos da Dirección Xeral de Defensa do Monte	=	=	=	=	=
	II.3.7. Potenciación da colaboración cas administracións locais a través do fortalecemento do convenio para a xestión das faixas secundarias e dos convenios para o funcionamento das brigadas municipais de prevención e extinción, dos vehículos de extinción municipais e da prevención nas vías de titularidade municipal	=	=	=	=	=
	II.3.8. Plan de formación continua	=	=	=	=	=



EIXE III. Xestión forestal e loita contra o abandono do monte.

Programa	Medida	Medio natural e biodiversidade	Atmosfera e cambio climático	Solo e auga	Paisaxe e patrimonio cultural	Medio socioeconómico
III.1. Fomento de fórmulas de mobilización de terras e fomento de agrupacións forestais de xestión conxunta	III.1.1. Programa de mobilidade de terras forestais	++	++	=	=	+++
	III.1.2. Programa de fomento de agrupacións forestais de xestión conxunta	++	++	=	=	+++
III.2. Iniciativas de activación da xestión forestal privada	III.2.1. Creación da figura e rexistro de silvicultor activo	++	++	+	+	+++
	III.2.2. Programa de dinamización da xestión en montes veciñais en man común	++	++	+	+	+++
	III.2.3. Programa de dinamización da xestión en montes de varas	++	++	+	+	+++
III.3. Reorientación da xestión forestal pública	III.3.1. Programa de establecemento de novos contratos de xestión pública	++	++	++	++	+++

EIXE IV. Recursos forestais e cadea monte-industria.

Programa	Medida	Medio natural e biodiversidade	Atmosfera e cambio climático	Solo e auga	Paisaxe e patrimonio cultural	Medio socioeconómico
IV.1. Fomento de recursos forestais non madeiros	IV.1.1. Programa de aproveitamento de pastos e forraxes en monte e de establecemento de sistemas silvopastorais	=	-	-	=	++
	IV.1.2. Programa estratéxico do castiñeiro e da produción de castaña	=	=	=	=	+++
IV.2. Fomento de recursos forestais madeiros e a súa mobilización	IV.2.1. Programa de fomento e valorización das masas de coníferas	=	+	=	=	++
	IV.2.2. Programa de incremento de produtividade e redución de combustibilidade de eucaliptais existentes	+	+	=	+	+++
	IV.2.3. Programa de fomento da produción de madeira de frondosas de alto valor	++	+	=	++	++
	IV.2.4. Programa de mobilización de recursos madeiros	+	+	=	=	+++
IV.3. Impulso da industria forestal de Galicia	IV.3.1. Axenda de impulso da industria forestal	=	+	=	=	++

CVE-DOG: vcrznu5-p2l6-mtr6-lsm0-lnqkobsqtl5



EIXE V. Estatística, formación e investigación forestal.

Programa	Medida	Medio natural e biodiversidade	Atmosfera e cambio climático	Solo e auga	Paisaxe e patrimonio cultural	Medio socioeconómico
V.1. Inventario e estatística forestal	V.1.1. Inventario forestal continuo de Galicia	+	+	+	+	+
	V.1.2. Programa dixital galego de información e estatísticas forestais	=	=	=	=	+++
V.2. Programa de formación e divulgación forestal	V.2.1. Programa de divulgación e comunicación da cultura forestal	=	=	=	=	+++
	V.2.2. Profesionalización de propietarios, xestores de montes e/ou traballadores das empresas de servizos forestais	=	=	=	=	+++
V.3. Investigación, desenvolvemento e innovación forestal	V.3.1. Programa de fomento da investigación, desenvolvemento e innovación forestal	=	=	=	=	+++
V.4. Formación forestal universitaria	V.4.1. Cooperación e coordinación para mellora da formación forestal universitaria en Galicia	=	=	=	=	+++

EIXE VI. Planificación, ordenación e gobernanza.

Programa	Medida	Medio natural e biodiversidade	Atmosfera e cambio climático	Solo e auga	Paisaxe e patrimonio cultural	Medio socioeconómico
VI.1. Desenvolvemento territorial da planificación, avaliación e seguimento do Plan forestal e os plans de ordenación dos recursos forestais (PORF)	VI.1.1. Avaliación e seguimento do Plan forestal de Galicia	++	++	++	++	++
	VI.1.2. Desenvolvemento dos plans de ordenación dos recursos forestais (PORF): contido e alcance, vinculación e rango xerárquico	+++	+	+	+	+++
VI.2. Programa de dinamización da ordenación e xestión forestal e da certificación forestal	VI.2.1. Fomento de proxectos de ordenación de montes e instrumentos equivalentes de xestión forestal sustentable	+	+	+	+	+++
	VI.2.2. Promoción da certificación forestal dos montes galegos	+	+	+	+	+++
VI.3. Gobernanza do monte galego	VI.3.1. Iniciativas de desenvolvemento lexislativo	=	=	=	=	+++
	VI.3.2. Modificación do Consello Forestal de Galicia	=	=	=	=	+++
	VI.3.3. Comisión de harmonización normativa e para o estudo da implantación de compensacións e incentivos á actividade forestal	=	=	=	=	+++

CVE-DOG: vcrznu5-p2l6-mtr6-lsm0-lnqkobsqtl5



Programa	Medida	Medio natural e biodiversidade	Atmosfera e cambio climático	Solo e auga	Paisaxe e patrimonio cultural	Medio socioeconómico
VI.4. Medidas de fiscalidade forestal	VI.4.1. Proposta de incentivos, deducións e bonificacións fiscais para o desenvolvemento da actividade forestal en Galicia	=	=	=	=	+++

B. Resultados da información pública e das consultas.

B.1. Consello Forestal de Galicia.

Tal e como indica o número 5 do artigo 72 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, a revisión do Plan forestal de Galicia debe partir da consulta aos actores implicados na política forestal de Galicia no marco dun traballo colectivo e consensuado baseado na comunicación, transparencia e participación social. Na súa reunión do 21 de maio de 2014, o Consello Forestal de Galicia, que se compón de 48 vogalías e onde están representados os axentes implicados na xestión forestal sustentable dos montes galegos, acordou a revisión do Plan forestal de Galicia de 1992 tras máis de vinte anos de andaina, como función lexítima de devandito órgano consultivo. Con esta decisión entendíase a necesidade de reorientar o devandito instrumento cara ás novas políticas forestais e ambientais centradas no desenvolvemento sustentable.

Para iso, e baseado nun enfoque de abaixo-arriba (*bottom-up*) para a toma de decisións, creouse, no seo do Consello Forestal de Galicia, o grupo de traballo para a primeira revisión do Plan forestal de Galicia, o cal quedaría formalmente constituído na súa primeira reunión do 16 de febreiro de 2015 e formado por un total de 26 entidades vinculadas co sector forestal galego. Desde finais de febreiro ata principios de novembro de 2015, o grupo de traballo foi convocado para un total 8 sesións, co obxecto de deseñar detalladamente as liñas directrices para alcanzar un modelo de monte socialmente consensuado, economicamente activo e ambientalmente sustentable para Galicia que, pola súa vez, se articulase en grandes eixes estratéxicos. Estas liñas directrices e eixes estratéxicos integrarían as engrenaxes para a armazón da primeira revisión do Plan forestal de Galicia, isto é, da futura política forestal galega.

Na sesión do Consello Forestal de Galicia, celebrada o 29 de abril de 2016, foron presentadas as directrices para a primeira revisión do Plan forestal elaboradas ao abeiro dos traballos desenvolvidos no seo do devandito grupo de traballo. A partir das directrices elaboradas, redactouse un documento denominado «Versión inicial da primeira revisión do Plan forestal de Galicia», que foi presentado o día 18 de decembro de 2017 no Con-



sello Forestal de Galicia, tras o que se acordou establecer un período de achegas ao documento.

Tras este período, recibíronse diversas alegacións de varios colectivos, que se enumeran a seguir:

Colectivo	Data
Federación Ecoloxista Galega	31.1.2018
Organización Galega de Comunidades de Montes	2.3.2018
	8.3.2018
Sindicato Labrego Galego	1.3.2018
Asociación Frouma	
Asociación Frouma	28.2.2018
Federación Empresarial de Serradoiros e Rematantes de Madeiras de Galicia	8.3.2018
Asociación de Empresarios da Primeira Transformación da Madeira de Lugo	12.3.2018
Comisión Forestal Galega	15.3.2018
Asociación de Criadores de Ovino e Caprino de Galicia	16.3.2018
Mancomunidad de Comunidades de Montes do Val Miñor	19.3.2018
Federación Rural Galega	27.3.2018
Asociación de Traballadores de Incendios Forestais de Galicia	2.4.2018
Asociación Galega de Cooperativas Agroalimentarias (Agaca)	4.5.2018
Federación de Razas Autóctonas de Galicia (Boaga)	4.5.2018
Estación Científica do Courel	4.5.2018
IXP Castaña de Galicia	4.5.2018

B.2. Parlamento de Galicia.

En paralelo, en novembro do ano 2017, creábase en sede parlamentaria a Comisión especial non permanente de estudo e análise das reformas da política forestal, de prevención e extinción de incendios forestais e do Plan forestal de Galicia. A Comisión contou coa comparecencia de máis de 60 persoas en representación de diferentes entidades, asociacións e administracións públicas. Estas comparecencias foron completadas con máis de 40 informes de diferentes departamentos e entidades. En xullo do ano 2018 aprobábase en pleno parlamentario, co apoio de tres cuartas partes do hemiciclo, o ditame onde se declaraban 123 recomendacións concretas (*Boletín Oficial del Parlamento de Galicia* número 346, do 10 de agosto de 2018).



Coa integración das directrices do grupo de traballo do Consello Forestal de Galicia, das achegas do Consello Forestal de Galicia, das recomendacións do ditame da Comisión especial do Parlamento de Galicia e das alegacións e suxestións recibidas no trámite de información pública e consulta ás administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas no procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria, elaborouse o documento da primeira revisión do Plan forestal de Galicia 2021-2040 Cara á neutralidade carbónica, que foi presentado ao Consello Forestal de Galicia na súa sesión celebrada o 8 de xaneiro de 2021 e remitido ao Parlamento de Galicia o 28 de xaneiro dese mesmo ano (*Boletín Oficial do Parlamento* número 84, do 28 de xaneiro de 2021).

Logo da súa presentación e debate o 5 de febreiro de 2021 no seo da Comisión sétima de Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes, o Parlamento de Galicia aprobou no seus plenos celebrados os días 23 e 24 de febreiro 2021 o documento da primeira revisión do Plan forestal de Galicia 2021-2040 Cara á neutralidade carbónica (*Boletín Oficial do Parlamento* número 103, do 26 de febreiro de 2021).

B.3. Avaliación ambiental estratéxica ordinaria.

Doutra banda, o 2 de agosto de 2016, a Administración forestal, como promotor e órgano substantivo, remitía ao órgano ambiental a solicitude de inicio do procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria da revisión do Plan forestal de Galicia, que se acompañou do borrador do Plan e o documento inicial estratéxico (DIE), co fin de que o órgano ambiental determinase o correspondente documento de alcance do estudo ambiental estratéxico (EAE), após a análise do expediente remitido e após as consultas previas ás administracións públicas afectadas e as persoas interesadas. O 31 de outubro de 2016, o órgano ambiental remitía, á dita administración forestal, o seu pronunciamento sobre o DIE e o borrador do Plan para a primeira revisión do Plan forestal de Galicia despois de consulta pública e observacións recibidas, isto é, o documento de alcance, co obxectivo de delimitar a amplitude, nivel de detalle e grao de especificación do EAE e de guiar a elaboración da versión inicial da primeira revisión do Plan forestal de Galicia.

A seguir, a Consellería do Medio Rural, mediante a Orde do 28 de xuño de 2018, aprobaba inicialmente a primeira revisión do Plan forestal de Galicia e abría o trámite de información pública, e procedeu á súa publicación, o 5 de xullo de 2018, no *Diario Oficial de Galicia* número 128 e no *Boletín Oficial del Estado* número 162, así como nun periódico dos de maior difusión de Galicia. O documento elaborado como «Versión inicial da primeira revisión do Plan forestal de Galicia» foi exposto ao público por un período mínimo de dous



meses, durante o cal tamén se consultaron as administracións públicas afectadas e as persoas interesadas.

B.3.1. Informes sectoriais e público interesado.

Na fase de participación pública e consultas, a Administración forestal realizou as consultas sobre o documento de aprobación inicial da primeira revisión do Plan forestal, que inclúe o EAE, ás administracións públicas, organismos e público interesado definidos polo órgano ambiental no documento de alcance.

Como resultado do trámite de consultas recibíronse un total de dez informes sectoriais e sete respostas por parte do público interesado. Na seguinte táboa recóllense os informes solicitados e consultas realizadas, facendo indicación da data de solicitude e da de recepción.

Administración do Estado		Data solicitude	Data recepción
Ministerio de Fomento	Demarcación de Estradas do Estado en Galicia	9.7.2018	
	Dirección Xeral de Ferrocarrís	9.7.2018	19.9.2018
	ADIF	9.7.2018	
	Dirección Xeral de Aviación Civil	9.7.2018	25.10.2018
	Portos do Estado	9.7.2018	19.9.2018
Ministerio de Agricultura, Pesca, Alimentación e Medio Ambiente	Demarcación de Costas na Coruña	9.7.2018	15.10.2018
	Confederación Hidrográfica do Miño-Sil	9.7.2018	
	Confederación Hidrográfica do Douro	9.7.2018	
	Confederación Hidrográfica do Cantábrico	9.7.2018	10.9.2018
	Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural e Política Forestal	9.7.2018	
	Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental e Medio Natural	9.7.2018	
Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio	Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo	9.7.2018	19.10.2018
	Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático	9.7.2018	9.10.2018
	Dirección Xeral de Patrimonio Natural	9.7.2018	
	Augas de Galicia	9.7.2018	
	Instituto de Estudos do Territorio	9.7.2018	
Consellería de Infraestruturas e Vivenda	Axencia Galega de Infraestruturas	9.7.2018	13.9.2018
	Dirección Xeral de Mobilidade	9.7.2018	

CVE-DOG: vcrznu5-p2l6-mtr6-lsm0-lnqkobsqtl5



Administración do Estado		Data solicitude	Data recepción
Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria	D. X. de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa	9.7.2018	
	D. X. do Patrimonio Cultural	9.7.2018	3.10.2018
Consellería do Medio Rural	D. X. de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias	9.7.2018	
	D. X. de Desenvolvemento Rural	9.7.2018	
	D. X. de Ordenación Forestal		12.9.2018
Consellería do Mar	D. X. de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica	9.7.2018	
	Portos de Galicia. Área de Explotación e Planificación Portuaria	9.7.2018	
Consellería de Economía, Emprego e Industria	Secretaría Xeral de Emprego	9.7.2018	
	D. X. de Enerxía e Minas	9.7.2018	
	Axencia Galega da Industria Forestal	17.7.2018	
Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza	Dirección Xeral de Emerxencias e Interior	9.7.2018	
	Dirección Xeral da Administración Local	9.7.2018	
Consellería de Facenda	Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos	9.7.2018	
Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp)		9.7.2018	3.10.2018
Deputación da Coruña		9.7.2018	
Deputación de Lugo		9.7.2018	
Deputación de Ourense		9.7.2018	
Deputación de Pontevedra		9.7.2018	

En relación cos informes solicitados ao público interesado no trámite de información pública, estas foron as asociacións ou entidades a que lle foi remitido o documento.

Público interesado	Data solicitude	Data recepción
Asociación Petón do Lobo	10.7.2018	25.9.2018
Asociación Cova Crea	10.7.2018	19.9.2018
Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galicia (Adega)	10.7.2018	3.10.2018
Sociedade Galega de Historia Natural	10.7.2018	
Grupo Naturalista Hábitat	10.7.2018	
Verdegala	10.7.2018	3.10.2018
A Terra non se vende	10.7.2018	9.10.2018
Salvemos Monteferro	10.7.2018	9.10.2018
Asociación de Empresarios da Primeira Transformación da Madeira de Lugo	10.7.2018	



Público interesado	Data solicitude	Data recepción
Federación Empresarial de Serradoiros e Rematantes de Madeiras de Galicia (Fearmaga)	10.7.2018	2.10.2018
Asociación Galega Monte-Industria	10.7.2018	
Asociación Agraria de Galicia	10.7.2018	
Federación de Razas Autóctonas de Galicia (Boaga)	10.7.2018	
Estación Científica do Courel	10.7.2018	
IXP Castaña de Galicia	10.7.2018	
Asociación de Grupos de Desenvolvemento Rural de Galicia	10.7.2018	
IXP Mel de Galicia	10.7.2018	
Consello Forestal de Galicia	9.7.2018	

B.3.2. Achegas no período de exposición pública.

Durante o período en que a primeira revisión do Plan forestal 2021-2040 foi sometido ao trámite de información pública, foron formuladas un total de 73 alegacións (25 asociacións, 43 particulares, 4 comunidades de montes veciñais en man común e 1 dunha empresa).

B.3.3. Declaración ambiental estratéxica (DAE).

Tomando en consideración o trámite de información pública e consultas e as propostas do Parlamento de Galicia, modificouse a proposta inicial da primeira revisión do Plan forestal de Galicia para proceder á redacción definitiva. Deste xeito o 7 de abril de 2021, a Administración forestal remite ao órgano ambiental o expediente de avaliación ambiental estratéxica, quen, mediante Anuncio do 3 de xuño de 2021 (*Diario Oficial de Galicia* do 22 de xuño), fixo pública a declaración ambiental estratéxica correspondente ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria da primeira revisión do Plan forestal de Galicia 2021-2040 Cara á neutralidade carbónica (expediente 2016AAE1933).

C. Razóns da elección da alternativa seleccionada.

C.1. Alternativa 0.

A alternativa cero retrata un escenario forestal desfasado con respecto á nova dirección das políticas forestais e do ambiente natural a nivel internacional, europeo e estatal, isto é, a proxección da situación actual ao amparo do Plan forestal de Galicia de 1992. A nova



realidade da cadea monte-industria en Galicia non encaixa coa vella estrutura do modelo de monte proxectado no Plan de 1992. Actualmente o monte proporciona innumerables recursos e servizos que non foron valorados no seu día no devandito plan e é primordial incentivar a súa conservación e fomento de forma análoga aos principios reitores das actuais políticas internacionais e nacionais sobre xestión forestal e do medio natural.

Nun prazo de tempo relativamente curto, a lenta formación dos nosos recursos forestais adquire relevancia social, económica e ambiental propia de toda actividade agraria, asemellándose á existente noutros países de ampla traxectoria na materia. Con todo, o alicerce desta actividade en Galicia non se logra consolidar en terreos forestais pertencentes a xestores forestais implicados, na súa maioría, na ordenación e planificación de todos os recursos e servizos que emanan dos ecosistemas forestais.

Como conclúe o diagnóstico previo dos recursos forestais e naturais en Galicia, os montes galegos caracterízanse, de forma xeneralizada, polo seu continuo abandono e/ou escasa xestión forestal activa por parte dos seus propietarios e/ou xestores ante a ausencia de atractivos para investir na actividade, así como pola inseguridade xurídica con respecto á delimitación da propiedade do monte galego e o excesivo e, algunhas veces inconexo, intervencionismo das administracións públicas.

A pesar da existencia dun corpo lexislativo e programático que avoga pola promoción dun desenvolvemento rural sustentable, onde se establece o papel de fundamental dos bosques e do medio natural, así como tamén de abundantes liñas de traballo e axudas públicas na materia (multifuncionalidade dos bosques, xestión forestal sustentable, silvicultura, etc.), a realidade é que, nesta liña continuísta, existe un amplo espazo entre a teoría dos estamentos administrativos e a realidade do medio rural, co consecuente efecto rebote de toda iniciativa da Administración no monte galego.

O escenario cero de partida é continuar cos instrumentos de execución reflectidos no Plan forestal de Galicia de 1992 que, tras preto de trinta anos de andaina, deixaron de axustarse á actual conxuntura político-social con respecto aos recursos forestais. Ademais, tras a realización do diagnóstico previo do sector, detectáronse desviacións con respecto á situación prevista no Plan de 1992, especialmente asociadas á falta de posta en marcha dalgúns dos instrumentos iniciais de execución e ao incumprimento orzamentario de xeito continuado. Con este escenario partimos dun monte escasamente capitalizado, propiedade de de persoas titulares cada vez menos motivados e, en numerosos casos, esgotadas pola

CVE-DOG: vcrznyu5-p2l6-mtr6-lsm0-lnqkobwsqtl5



abundante burocracia administrativa e pola terxiversación informativa, e partimos, ademais, dunha industria abocada á falta de modernización e innovación por non dispor dun capital territorial parello.

Este resumo da actual situación dos recursos forestais e naturais de Galicia plasmasse na diagnose da análise do grao de cumprimento do Plan forestal de Galicia de 1992, primeira das tarefas acordada polo grupo de traballo para a revisión do Plan forestal de Galicia. Na dita diagnose a percepción do grao de cumprimento do Plan forestal do ano 1992 foi moi baixa. De certo, agás accións concretas como a creación de escolas universitarias, dun centro tecnolóxico da madeira, o desenvolvemento dos distritos/comarcas forestais e, ata certo grao, o desenvolvemento dunha formación profesional para o sector forestal de Galicia, o sentir xeneralizado para o resto de obxectivos e metas alí establecidas foi moi reducido. Daquela, unha primeira conclusión acordada de xeito unánime polo devandito grupo foi a necesaria creación dun sistema de seguimento e avaliación continuado dos obxectivos estratéxicos e programáticos que debería conter a primeira revisión do Plan forestal de Galicia 2021-2040.

C.2. Alternativa 1.

As directrices para a revisión do Plan forestal de Galicia emanan dos resultados da enquisa ás entidades e asociacións que compuxeron o grupo de traballo creado no seo do Consello Forestal de Galicia e a súa análise posterior, cun nivel de consenso moi alto.

As ditas directrices fundamentáronse nos principios reitores da comunicación da Comisión ao Parlamento Europeo, o Consello, o Comité Económico e Social Europeo e o Comité das Rexións sobre a estratexia da UE en favor dos bosques e do sector forestal, adoptada o 20 de setembro de 2013 (COM (2013) 659):

- a) Xestión sustentable dos bosques e papel multifuncional destes, de maneira que poidan prestar múltiples bens e servizos de maneira equilibrada e garantan ao mesmo tempo a súa protección.
- b) Utilización eficiente dos recursos, optimización da contribución dos bosques e do sector forestal ao desenvolvemento rural, o crecemento e a creación de emprego.
- c) Responsabilidade global fronte aos bosques, fomento dunha produción e consumo sustentables dos produtos forestais.



Por tanto, as directrices foron elaboradas de acordo cos principios da iniciativa de alto nivel político *Forest Europe* (Conferencia Ministerial sobre Protección de Bosques de Europa), iniciada en 1990 como plataforma para o diálogo e a cooperación sobre cuestións forestais na rexión paneuropea para os estados asinantes, a Comunidade Europea e os países e organizacións observadores, así como para os observadores internacionais relacionados cos bosques.

Outras consideracións plasmadas nas directrices atendendo ao principio de coherencia con outras políticas nacionais e internacionais vinculadas co sector foron:

a) Plan de acción da UE para os bosques. Comunicación da Comisión ao Consello e ao Parlamento Europeo (COM (2006) 302), adoptada o 15 de xuño de 2006.

b) Limitar o quecemento mundial a 2 °C: medidas necesarias ata 2020 e despois. Comunicación da Comisión ao Parlamento Europeo, ao Consello, ao Comité Económico e Social Europeo e ao Comité das Rexións (COM (2007) 2), adoptada o 10 de xaneiro de 2007.

c) Libro branco. Adaptación ao cambio climático: cara a un novo marco europeo de actuación. Comunicación da Comisión ao Parlamento Europeo, ao Consello, ao Comité Económico e Social Europeo e ao Comité das Rexións (COM (2009) 147), adoptada o 1 de abril de 2009.

d) Unha Europa que utilice eficazmente os recursos: Iniciativa emblemática conforme a Estratexia Europa 2020. Comunicación da Comisión ao Parlamento Europeo, ao Consello, ao Comité Económico e Social Europeo e ao Comité das Rexións (COM (2011) 21), adoptada o 26 de xaneiro de 2011.

e) Estratexia da UE sobre a biodiversidade ata 2020: o noso seguro de vida e capital natural. Comunicación da Comisión ao Parlamento Europeo, ao Consello, ao Comité Económico e Social Europeo e ao Comité das Rexións (COM (2011) 244), adoptada o 3 de maio de 2011.

f) A innovación ao servizo do crecemento sustentable: unha bioeconomía para Europa. Comunicación da Comisión ao Parlamento Europeo, ao Consello, ao Comité Económico e Social Europeo e ao Comité das Rexións (COM (2012) 60), adoptada o 13 de febreiro de 2012.



Así, as directrices oriéntanse cara a un modelo de sector forestal integrado no marco do desenvolvemento rural sustentable de acordo cos novos compromisos en materia de biodiversidade, servizos ecosistémicos, cambio climático e economía verde baixa en carbono, entre outros:

a) Harmonizar e equilibrar as múltiples funcións, servizos e beneficios dos sistemas forestais para satisfacer as diversas demandas ambientais, económicas e sociais, de acordo co principio universal de sustentabilidade e multifuncionalidade.

b) Proporcionar o marco territorial, sectorial e estrutural necesario para conseguir unha actividade forestal competitiva e facilitar os procesos viables dentro dos novos modelos de bioeconomía verde e consumo responsable, de maneira que permita harmonizar o valor ambiental dos montes.

c) Crear o escenario normativo, administrativo, financeiro e fiscal propicio para xerar oportunidades de actividade económica e emprego no monte e no sector forestal galego, de modo que permitan emprender iniciativas empresariais e contribuír a paliar a actual crise económica, social e ambiental no medio rural.

d) Procurar un desenvolvemento socioeconómico sustentable, intelixente e estable no medio rural, de forma que a política forestal permita contribuír tanto ao desenvolvemento rural sustentable como á conservación e protección do ambiente e a mellora da calidade de vida.

e) Incorporar a programación da política forestal galega ao novo período de financiamento Feader da Unión Europea e establecer iniciativas e medidas de fomento para a mellora da produtividade e rendibilidade dos recursos forestais, a dinamización socioeconómica do monte e o sector forestal galego.

O escenario un que se persegue é froito, tal e como se indicou en epígrafes anteriores, das directrices elaboradas e consensuadas polos múltiples actores implicados na xestión dos recursos forestais e naturais de Galicia. A visión de futuro que se propón na primeira revisión do Plan forestal de Galicia 2021-2040 susténtase na necesidade de cambiar a actual política forestal, demanda incuestionable e ineludible dos actores implicados no proceso de participación pública.

Os 26 membros do grupo de traballo para a determinación das directrices de revisión do Plan forestal de Galicia contestaron unha enquisa composta por un total de 280 preguntas



cun total 1.147 variables estruturadas nun total de dezanove áreas temáticas agrupadas en tres grandes bloques de traballo:

1) Bloque I. Sete áreas temáticas, 103 preguntas, 368 variables:

a) AT1. Análise do grao de cumprimento do Plan forestal de Galicia 1992.

b) AT2. Superficie forestal en Galicia e formacións arborizadas do monte.

c) AT3. Estrutura e organización da propiedade.

d) AT4. Xestión da propiedade forestal.

e) AT5. Planificación e xestión forestal sustentable.

f) AT6. Multifuncionalidade dos recursos e servizos.

g) AT7. Taxa de aproveitamento dos recursos forestais.

2) Bloque II. Sete áreas temáticas, 122 preguntas, 501 variables:

a) AT8. Incendios forestais.

b) AT9. Sanidade e saúde forestal.

c) AT10. Protección, conservación e fomento da biodiversidade.

d) AT11. Pistas e infraestruturas forestais.

e) AT12. Formación, educación e divulgación.

f) AT13. Investigación e transferencia forestal.

g) AT14. As administracións públicas no sector forestal.

3) Bloque III. Cinco áreas temáticas, 55 preguntas, 278 variables:

a) AT15. Políticas públicas en materia de fomento e fiscalidade forestal.

b) AT16. Estatística forestal. Sistemas de apoio á toma de decisións.



- c) AT17. A cadea monte-industria e o emprego forestal.
- d) AT18. Cambios estruturais cara á bioeconomía ou economía hipocarbónica.
- e) AT19. Marco normativo: representatividade sectorial.

Os resultados previamente obtidos coas enquisas fóronse centrando durante as reunións do grupo de traballo co obxectivo de acurtar distancias e construír un diagnóstico e un prognóstico consensuado polos axentes implicados. Por tanto, as reunións constituíron os puntos de encontro e debate multilateral e directo (concertación) entre os membros do sector para esbozar e deseñar as liñas básicas e primordiais de actuación para a futura política forestal de Galicia (obxectivos, eixes estratéxicos, problemática e solución).

Desde mediados de febreiro ata mediados de novembro de 2015 (do 16 de febreiro ao 19 de novembro), o comité técnico reuniuse en 13 ocasións para realizar as tarefas que lle eran propias. Pola súa banda, desde finais de febreiro ata principios de novembro de 2015 (do 26 de febreiro ao 5 de novembro), o grupo de traballo foi convocado para un total 8 sesións. A seguir, relaciónanse os principais fitos alcanzados polo grupo de traballo:

- 26.2.2015 Presentación metodoloxía do proceso.
- 9.4.2015 Aprobación normas, composición final GT.
- 13.5.2015 Posicionamento dos grupos.
- 25.6.2015 Resultados bloque I enquisa.
- 9.7.2015 Comezo análise resultados.
- 17.9.2015 Resultados bloque II.
- 21.10.2015 Resultados bloque III.
- 5.11.2015 Remate debate.

Entre o 19 e o 24 de novembro do ano 2015, o comité técnico do grupo de traballo elaborou o borrador das directrices para a primeira revisión do Plan forestal de Galicia, o cal foi remitido o día 24.11.2015 ao devandito grupo, e abriuse un prazo de achegas ata o 9.12.2015, que finalmente sería estendido ata o 14.12.2015.



As entidades e asociacións que remitiron achegas durante o proceso de elaboración das directrices foron as seguintes:

Ao bloque I
8.5.2015 Centro de Investigación Forestal de Lourizán.
27.5.2015 Asociación Forestal de Galicia (AFG).
28.5.2015 Organización Galega de Comunidades de Montes (ORGACMM).
27.5.2015 Subdirección Xeral de Enerxía da Consellería de Economía, Emprego e Industria.
Ao bloque II
7.7.2015 Asociación de Empresarios da Primeira Transformación da Madeira de Lugo.
9.7.2015 Asociación Forestal de Galicia (AFG).
9.7.2015 Organización Galega de Comunidades de Montes (ORGACMM).
9.7.2015 Dirección Xeral de Ordenación Forestal da Consellería do Medio Rural.
Ao bloque III
17.9.2015 Gain a través da Subdirección Xeral de Enerxía da Consellería de Economía, Emprego e Industria.
23.9.2015 Asociación Forestal de Galicia (AFG).
23.9.2015 Organización Galega de Comunidades de Montes (ORGACMM).
Ao borrador de directrices de revisión do Plan forestal de Galicia
11.12.2015 Asociación Forestal de Galicia (AFG).
11.12.2015 Organización Galega de Comunidades de Montes (ORGACMM).
11.12.2015 Grupo ENCE a través da Confederación Galega de Empresarios da Madeira (Confemadera Galicia).
11.12.2015 Asociación Profesional de Silvicultores de Galicia (Silvanus).
11.12.2015 Federación Ecoloxista Galega (FEG).
11.12.2015 Asociación Sectorial Forestal Galega (Asefoga).
11.12.2015 Federación de Asociacións de Produtores de Madeira de Galicia (Promagal).
11.12.2015 Asociación Galega para a Valorización Enerxética da Biomasa (AGAVEB).
14.12.2015 Federación Galega de Caza (FGC).
14.12.2015 Amigos da Terra.

Recibidas as achegas, elaborouse un documento definitivo de directrices que lle foi presentado ao grupo de traballo o 17.12.2015.

De cada xuntanza celebrada levantáronse e aprobáronse as correspondentes actas (primeiro punto da seguinte acta), todas elas dispoñibles publicamente.

Na sesión do Consello Forestal de Galicia celebrada o 29.4.2016 realizouse a presentación do informe final dos traballos desenvolvidos no seo do grupo de traballo, así como



das directrices para a primeira revisión do Plan forestal de Galicia ao resto de membros. Na dita sesión conclúese finalmente que urxe superar o modelo de monte establecido no Plan forestal de Galicia do ano 1992 e abordar, o máis axiña posible e segundo as directrices consensuadas, a elaboración do documento da primeira revisión do Plan forestal, co fin de acadar un modelo de sector forestal integrado no desenvolvemento rural sustentable aproveitando a oportunidade que achegan os recursos forestais e naturais ás demandas e necesidades da economía rural galega.

Tras o indicado nos puntos anteriores, indícase que o documento elaborado como primeira revisión do Plan forestal de Galicia 2021-2040 Cara á neutralidade carbónica, é un documento baseado no consenso e con informes dos diversos axentes implicados no sector forestal galego, de tal modo que se garante a súa obxectividade, tentando integrar todos os factores que poidan estar implicados na xestión forestal activa e sustentable dos recursos forestais.

Non se considera necesaria a avaliación doutras alternativas, xa que na elaboración do documento se acordaron tanto os intereses asociados aos diversos sectores vinculados social e economicamente co monte galego como aqueles vinculados á xestión e protección dos recursos.

C.3. Incidencia das alternativas estudadas sobre as variables ambientais principais.

Para poder avaliar a idoneidade da alternativa seleccionada, realízase unha análise dos efectos ambientais probables nos escenarios posibles en función de cada alternativa estudada. Detállase a seguir a escala de valoración considerada para a análise realizada:

- Contén medidas que afectan directamente a variable analizada (+).
- Contén medidas que afectan indirectamente a variable analizada (=).
- Non contén medidas que afecten a variable analizada (-).

Alternativas	Ocupación de usos do solo	Paisaxe	Patrimonio natural	Patrimonio cultural	Atmosfera	Energía	Recursos hídricos	Recursos edáficos	Residuos	Cambio climático	Economía e desenvolvemento rural
A0	+	-	+	-	=	-	=	=	=	=	+
A1	+	+	+	+	+	+	+	+	+	+	+



D. Medidas adoptadas para o seguimento dos efectos no ambiente.

A primeira revisión do Plan forestal de Galicia 2021-2040 anuncia e desenvolve un sistema continuado de seguimento e avaliación. Deste xeito, co fin de avaliar o grao de cumprimento dos obxectivos programáticos e estratéxicos, así como das iniciativas, programas e liñas de acción enunciados, realizaranse avaliacións quinquenais (5 anos) que poderán dar lugar a establecer medidas extraordinarias que conduzan a satisfacer os obxectivos fixados. Así mesmo, as ditas revisións obxectivarán o grao de cumprimento esperado a través dos criterios e indicadores estratéxicos de avaliación e seguimento que son fixados e desagregados en quinquenios: 2021-2025, 2026-2030, 2031-2035, 2036-2040.

Este sistema de revisión continuada complementase coa necesidade dunha avaliación interna do grao de desenvolvemento do Plan, de carácter bianual, como referencia para analizar o seu nivel de cumprimento. Os resultados que se obteñan detallaranse nun informe de avaliación que será presentado ao Consello Forestal de Galicia e ante a comisión parlamentaria pertinente, de maneira que permita analizar o grao de cumprimento do período estudado e, deste xeito, poder realizar as modificacións necesarias para alcanzar os obxectivos establecidos para cada quinquenio, incluíndo unha avaliación dos mecanismos de fomento forestal que garantan a súa adecuación ás necesidades propostas polos distintos instrumentos de execución contidos nesta revisión do Plan forestal de Galicia.

A seguir, para cada unha das 51 iniciativas, medidas ou accións específicas, amósanse os indicadores de seguimento, caracterizando determinados indicadores expostos de dúas formas diferentes, co valor para acadar en cada un dos quinquenios (Q) e, dunha forma acumulada, pola suma progresiva (P) dos devanditos quinquenios.

Medida	Indicador de seguimento	Ud.	2021-2025	2026-2030	2031-2035	2036-2040
I.1.1.	Superficie tratada con intervencións recollida no Programa de fomento da silvicultura de frondosas (incluíndo os bosques de ribeira)	P	5.000	10.000	15.000	20.000
		Q	5.000	5.000	5.000	5.000
I.1.1.	Superficie de bosques de ribeira que se acollen ao modelo silvícola que se desenvolva	P	5.000	10.000	15.000	20.000
		Q	5.000	5.000	5.000	5.000
I.1.1.	Superficie total ocupada por frondosas autóctonas, segundo se desprenda do Inventario forestal continuo de Galicia anualmente	P	415.000	415.000	420.000	425.000
I.1.2.	Desenvolvemento regulamentario do Rexistro Público Administrativo de Masas Consolidadas de Frondosas Autóctonas		Aprobado			



Medida	Indicador de seguimento		Ud.	2021-2025	2026-2030	2031-2035	2036-2040
I.1.2.	Inventariación de masas de frondosas que cumpran os requisitos para a súa inclusión no Rexistro de Masas Consolidadas de Frondosas Autóctonas			Realizado			
I.1.3.	Superficie tratada mediante o programa de transformación de eucaliptais degradados	P	Sup. (ha)	5.000	10.000	15.000	20.000
		Q		5.000	5.000	5.000	5.000
I.1.3.	Porcentaxe de variación da superficie con presenza de eucalipto derivada do Inventario forestal continuo de Galicia (IFCG), respecto de superficie segundo IFNP	P	% Sup. ocupación	Subida < 3 %		Redución de polo menos 4 %	Redución do 5 %
I.1.4.	Manual de boas prácticas forestais para a conservación da biodiversidade en montes produtivos			Elaborado			
I.1.4.	Directrices de ordenación e xestión forestal sustentable para a conservación activa de espazos forestais protexidos			Elaborado			
I.1.4.	Fomento da conservación e mellora da diversidade arbórea en montes produtivos: hábitats fóra de Rede Natura 2000 e inclusión de frondosas en repoboacións produtoras	P	€		100 k€	200 k€	300 k€
		Q			100 k€	100 k€	100 k€
I.1.4	Superficie tratada no marco do Programa de control de vexetación invasora	P	Sup. (ha)	250	500	750	1.000
		Q		250	250	250	250
I.1.5.	Investimentos en I+D+i sobre aproveitamentos non madeireiros e iniciativas ligadas a aproveitamentos de mel, plantas aromáticas e medicinais ou froitos silvestres	P	€	100 k€	200 k€	300 k€	400 k€
		Q		100 k€	100 k€	100 k€	100 k€
I.1.5.	Documentos estratéxicos de planificación para os principais produtos forestais non madeireiros			Elaborados			
I.1.5.	Catro montes modelo (un por provincia) con xestión orientada á multifuncionalidade			Realizado			
I.1.5.	Número de montes en que se aplicou o programa de conservación de elementos naturais e patrimonio arqueolóxico	P	Ud.		20	40	60
		Q			20	20	20
I.1.6.	Instrumento de ordenación e planificación dos usos turísticos, sociais ou recreativos			Elaborado			
I.1.6.	Superficie de Rede de infraestruturas verdes establecida de acordo co programa	P	Sup. (ha)	5.000	10.000	20.000	25.000
		Q		5.000	5.000	10.000	5.000
I.1.6.	Nivel de mantemento ou investimento na Rede galega de infraestruturas verdes en terreo forestal	P	€	500 k€	1.000 k€	2.000 k€	2.500 k€
		Q		500 k€	500 k€	1.000 k€	500 k€
I.1.6.	Porcentaxe de montes periurbanos con servizos ecosistémicos certificados por calquera sistema de certificación forestal internacionalmente recoñecido	P	%	10	20	40	60
		Q		10	10	20	20



Medida	Indicador de seguimento	Ud.	2021-2025	2026-2030	2031-2035	2036-2040
I.2.1.	Carbono almacenado e cambios no carbono almacenado na biomasa forestal, solo forestal e produtos madeireiros	%	+5 %	+10 %	+15 %	+20 %
I.2.1.	Elaboración dun Estudo sobre as necesidades de adaptación do territorio forestal galego ao cambio climático		Elaborado			
I.2.2.	Aproveitamentos anuais da biomasa desagregado por categorías: leña, puntal de piñeiro, restos de corta, transformación de eucaliptais, xestión de faixas	Ton/ano	1 M T/ano	1,5 M T/ano	2 M T/ano	2,3 M T/ano
I.3.1.	Número de unidades de admisión (e superficies, se for o caso) declaradas no catálogo nacional de materiais de base para as distintas especies indicadas	P	180	190	200	210
		Q	10	10	10	10
I.3.1./ I.3.2.	Creación dunha rede de parcelas forestais de alto valor xenético	P	20	40	60	80
		Q	20	20	20	20
I.3.2.	Porcentaxe de superficie ocupada por materiais de base e subministración a viveiros de semente de orixe coñecida e elevada categoría xenética	%	5 %	10 %	15 %	20 %
I.3.3.	Superficie xestionada no marco do Programa de conservación de recursos xenéticos	P		5.000	10.000	15.000
		Q		5.000	5.000	5.000
I.3.3.	Número de especies cubertas polo programa	P	Ud.	8	10	10
II.1.1.	Inventario de montes protectores		Realizado			
II.1.1.	Rexistro de montes protectores	P	10.000	30.000	60.000	90.000
		Q	10.000	20.000	30.000	30.000
II.1.1.	Superficie xestionada con criterios de protección (incluíndo a que adquira a Administración, a xestionada por contratos de xestión pública ou a de xestión privada)	P	10.000	50.000	90.000	130.000
		Q	10.000	40.000	40.000	40.000
II.1.2.	Revisión do protocolo de actuación urgente contra a erosión en montes queimados		Realizado			
II.1.2.	Porcentaxe de superficie afectada por incendios de elevada severidade que foi obxecto de actuacións urgentes	P	%	70 %	100 %	100 %
II.2.1.	Establecemento de protocolo de actuación entre servizos relacionados coa sanidade vexetal e a saúde e vitalidade do monte		Elaborado			
II.2.2.	Mantemento, actualización e avaliación continua da Rede rexional de seguimento de danos nas masas forestais galegas	Nº mínimo de puntos de mostraxe	252	260	260	260



Medida	Indicador de seguimento	Ud.	2021-2025	2026-2030	2031-2035	2036-2040
II.2.3.	Programa de saúde e vitalidade forestal de Galicia		Elaborado			
II.2.3.	Intensidade de solta/colocación/inoculación de medios de control biolóxico: <i>Torymus sinensis</i> , <i>Anaphes nitens</i> ou cepas hipovirulentas		Segundo necesidades			
II.2.3.	Superficie de actuacións preventivas de retirada de arboredo enfermo, seco ou queimado en montes de xestión pública	Sup. (ha)	Segundo necesidades			
II.2.3.	Actuacións de difusión, divulgación e formación	P	25	50	75	100
		Q	25	25	25	25
II.3.1.	Elaboración da nova lei de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia		Elaborado/ aprobado no Parlamento			
II.3.2.	Reestruturación dos distritos de defensa do monte adaptada ás necesidades específicas da prevención e extincións dos incendios forestais en Galicia		Finalizado			
II.3.3.	Creación de brigadas de investigación de incendios forestais		Creación e posta en funcionamento			
II.3.4.	Revisión de plans de prevención e defensa contra incendios forestais de distrito		Elaborado			
II.3.5.	Plans anuais integrais de actuacións preventivas dos distritos forestais		5 plans anuais			
II.3.6.	Elaboración do Plan plurianual de dotación de medios e recursos da Dirección Xeral de Defensa do Monte		Elaborado e en execución			
II.3.8.	Plan de formación		Finalizado			
II.3.8.	Centro de formación		Finalizado			
II.3.8.	Plan formativo centro		Finalizado			
II.3.8.	Circuíto vehículos TT		Finalizado			
III.1.1.	Superficie de proxectos de mobilización de terreos agroforestais	P	50.000	100.000	125.000	150.000
		Q	50.000	50.000	25.000	25.000
III.1.1.	Número de proxectos de aldeas modelo	P	250	500	750	1.000
		Q	250	250	250	500
III.1.2.	Iniciativas de participación conxunta entre a Administración e asociacións. Asesoramento técnico e actividades informativas	P	25	50	75	100
		Q	25	25	25	25
III.1.2.	Promoción de asociacións que procuren unha comercialización conxunta dos seus produtos	P	20	40	60	80
		Q	20	20	20	20



Medida	Indicador de seguimento		Ud.	2021-2025	2026-2030	2031-2035	2036-2040
III.1.2.	Número de agrupacións forestais de xestión conxunta	P	Ud.	100	300	550	750
		Q		100	200	250	200
III.1.2.	Superficie baixo algún tipo de figura de xestión conxunta	P	Sup. (ha)	35.000	75.000	110.000	150.000
		Q		35.000	40.000	35.000	40.000
III.1.2.	Mobilización de terras forestais mediante actuacións forestais de xestión conxunta	P	Sup. (ha)	10.000	15.000	25.000	35.000
		Q		10.000	5.000	5.000	5.000
III.2.1.	Deseño e posta en marcha do Rexistro Oficial de Silvicultor/a Activo/a en Montes e Parcelas Xestionadas de Galicia			Creado			
III.2.1.	Número de silvicultores activos rexistrados	P	Ud.	25.000	50.000	100.000	200.000
		Q		25.000	25.000	25.000	25.000
III.2.1.	Superficie de silvicultores activos incluída	P	Sup. (ha)	40.000	90.000	180.000	360.000
		Q		40.000	50.000	90.000	180.000
III.2.1.	Investimento para o apoio de silvicultores activos	P	€	15M€	30M€	40M€	50M€
		Q		15M€	15M€	10M€	10M€
III.2.2.	Informe de situación administrativa e de xestión dos MVMC en Galicia			Elaborado			
III.2.2.	Porcentaxe de MVMC con cumprimento de obrigas administrativas	P	%	60	65	70	70
III.2.2.	Apoio a medidas de fomento de boa gobernanza (instrumentos de ordenación e xestión forestal, actuacións neles dispostas, apoio ao servizo de xestión profesionalizada, etc.)	Q	€	25M€	30M€	40M€	50M€
III.2.2.	Aprobación dunha nova lei de montes veciñais en man común (MVMC)			Aprobada			
III.2.3.	Informe de situación administrativa e de xestión dos montes de varas en Galicia			Elaborado			
III.2.3.	Desenvolvemento regulamentario dos montes de varas, da súa organización e funcionamento e da súa inscrición no Rexistro de Montes de Varas en Galicia			Aprobado			
III.2.3.	Apoio a medidas de fomento de boa gobernanza (instrumentos de ordenación e xestión forestal, actuacións neles dispostas, apoio ao servizo de xestión profesionalizada, etc.)	P	€	5M€	10M€	15M€	20M€
		Q		5M€	5M€	5M€	5M€
III.3.1.	Terminar os procesos de cancelación e finalización de consorcios e convenios			Finalizado			
III.3.1.	Establecer a tipoloxía e condicións dos novos contratos de xestión en forma de regulamento			Realizado			



Medida	Indicador de seguimento	Ud.	2021-2025	2026-2030	2031-2035	2036-2040
III.3.1.	Formalización de novos contratos de xestión pública	Sup. (ha)	150.000-200.000			
III.3.1.	Porcentaxe de montes en xestión pública con polo menos un sistema de certificación	%	100 %			
IV.1.1.	Superficie con aproveitamento de pastos, forraxes ou sistemas silvopastorais en montes ou terreos forestais	P	100.000	170.000	200.000	225.000
		Q	100.000	70.000	30.000	25.000
IV.1.2.	Elaboración do Plan estratéxico do castiñeiro e da produción de castaña en Galicia		Elaborado			
IV.1.2.	Recuperación de soutos tradicionais en produción mediante medidas de rehabilitación	P	2.000	4.000	6.000	8.000
		Q	2.000	2.000	2.000	2.000
IV.1.2.	Superficies de novos soutos para a produción principal de castaña	P	3.500	5.500	7.000	8.000
		Q	3.500	2.000	1.500	1.000
IV.1.2.	Superficies de novos soutos para a produción principal de madeira	P	2.000	4.000	6.000	8.000
		Q	2.000	2.000	2.000	2.000
IV.2.1.	Incremento ou mellora da superficie ocupada por coníferas mediante a repoboación	P	5.000	10.000	15.000	20.000
		Q	5.000	5.000	5.000	5.000
IV.2.1.	Mellora da superficie ocupada por coníferas mediante tratamentos silvícolas	P	15.000	30.000	40.000	50.000
		Q	15.000	15.000	10.000	10.000
IV.2.1.	Incremento da porcentaxe de volume de cortas de coníferas con destino a serra ou usos estruturais respecto dos restantes usos	P	%	50 %	75 %	75 %
IV.2.2.	Incremento da produtividade da superficie de eucaliptais, cun obxectivo de alcanzar 20 m³/ha ano	P	15 m³/ha ano	17 m³/ha ano	19 m³/ha ano	20 m³/ha ano
IV.2.2.	Incremento da taxa de aproveitamento dos recursos de eucalipto, co obxectivo de alcanzar un 90 % do crecemento corrente anual	P	%	90	90	90
IV.2.3.	Incremento ou mellora da superficie ocupada por frondosas de alto valor mediante a repoboación	P	500	1.500	2.500	3.500
		Q	500	1.000	1.000	1.000
IV.2.3.	Superficie de masas de frondosas de alto valor baixo tratamentos silvícolas	P	1.000	2.500	4.000	5.500
		Q	1.000	1.500	1.500	1.500
IV.2.4.	Incremento da mobilización de recursos madeiros, incrementando a taxa global de extracción de todas as especies	P	%	60	65	70
IV.2.4.	Elaboración de inventario cartográfico de pistas		Elaborado			



Medida	Indicador de seguimento		Ud.	2021-2025	2026-2030	2031-2035	2036-2040
IV.2.4.	Nivel de cortas anual de madeira. Obxectivo de 12 M m³ para dez anos	P		10 M m³/ano		12 M m³/ano	
IV.3.1.	Plan estratéxico para a produción de madeira con destino industrial			Realizado			
IV.3.1.	Desenvolvemento, seguimento e revisión das medidas e eixes da Axenda de impulso da industria forestal			Desenvolvemento e seguimento		Seguimento e revisión, de selo caso	
V.1.1.	Deseño do Inventario forestal continuo de Galicia			Elaborado			
V.1.1.	Elaboración e publicación dos datos do Inventario forestal continuo de Galicia			Publicado	Publicado	Publicado	Publicado
V.1.2.	Creación da oficina virtual forestal de Galicia			Creada			
V.1.2.	Inclusión dun Sistema integrado de información forestal de Galicia (SIFOR Galicia)			Incluído			
V.1.2.	Deseño e posta en marcha do Sistema de apoio ás decisións forestais (SADFOR Galicia)				Iniciado		
V.2.1.	Programa de divulgación e comunicación da cultura forestal			Elaborado			
V.2.1.	Reestruturación dos centros de interpretación, divulgación e concienciación forestal				Finalizado		
V.2.2.	Actuacións anuais de formación e profesionalización de propietarios, xestores de montes e/ou traballadores das empresas de servizos forestais	P	Ud.	50	100	175	250
		Q		50	50	75	75
V.3.1.	Iniciativas de I+D+i	Q	Ud.	25	30	35	45
V.3.1.	Investimento anual realizado	P	€	15M€	35M€	85M€	135M€
		Q		15M€	20M€	50M€	50M€
V.4.1.	Iniciativas de colaboración entre centros e proxectos conxuntos desenvolvidos	Q	Ud.	5	10	15	20
VI.1.1.	Creación do panel de control público (<i>dashboard</i>), para o seguimento no grao de desenvolvemento e consecución dos indicadores quinquenais de seguimento			Elaborado			
VI.1.1.	Elaboración de informes de seguimento e avaliación do grao de cumprimento do Plan forestal de Galicia			Elaborado	Elaborado	Elaborado	Elaborado
VI.1.2.	Elaboración de plans de ordenación de recursos forestais por distrito			Esperar resultados do IFCG (V.1.1.)	Todos os distritos forestais		



Medida	Indicador de seguimento		Ud.	2021-2025	2026-2030	2031-2035	2036-2040
VI.1.2.	Delimitar os terreos declarados de alta produtividade forestal nun PORF, ao abeiro do Catálogo de solos de alta produtividade e especial aptitude forestal			Realizado			
VI.2.1.	Superficie forestal ordenada	P	Sup. (ha)	150.000	315.000	470.000	620.000
		Q		150.000	165.000	155.000	150.000
VI.2.1.	Implantación do procedemento de inspección, verificación e control de calidade da ordenación			Implantado			
VI.2.2.	Superficie forestal certificada de forma voluntaria por calquera dos sistemas acreditados de certificación forestal	P	Sup. (ha)	200.000	350.000	500.000	650.000
		Q		200.000	150.000	150.000	150.000
II.3.1./VI.3.1.	Modificación da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais en Galicia			Lei aprobada			
VI.3.1.	Modificación da Lei 4/2015, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia			Lei aprobada			
III.2.2./VI.3.1.	Modificación da Lei 13/1989, de montes veciñais en man común de Galicia e a súa normativa de desenvolvemento (Decreto 260/1992)			Lei aprobada			
VI.3.1.	Desenvolvemento normativo da Lei 7/2012, de montes de Galicia			Elaborado			
VI.3.2.	Modificación da organización e funcionamento do Consello Forestal de Galicia mediante decreto			Aprobado			
VI.3.3.	Creación da comisión de harmonización normativa			Creada			
VI.3.3.	Creación da comisión para o estudo de implantación de compensacións e incentivos á actividade forestal			Creada			
VI.3.3.	Elaboración dun informe de consecución das medidas propostas no seo das distintas comisións			Elaborado			
VI.4.1.	Estudo xurídico que analice como están a actuar as administracións forestais de, cando menos, cinco países			Elaborado			
VI.4.1.	Creación dunha batería de propostas en materia de mellora fiscal respecto da actividade forestal			Creada			

Santiago de Compostela, 8 de outubro de 2021

José Luis Chan Rodríguez
Director xeral de Planificación e Ordenación Forestal

CVE-DOG: vcrznu5-p2l6-mtr6-lsm0-lngkobwsqtl5

